

Resolución do 18 de marzo de 2026, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que, se habilita a presentación presencial e se amplía o prazo de presentación de solicitudes da Resolución do 2 de febreiro de 2026 da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos ás entidades galegas no exterior e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR924C), para as entidades con sede en Cuba

Mediante a Resolución do 2 de febreiro de 2026 (DOG núm. 33, do 19 de febreiro de 2026), reguláronse e convocáronse as subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos ás entidades galegas no exterior para o exercicio 2026. Conforme ao previsto no artigo 10.1, o procedemento para a tramitación e concesión destas subvencións é o de concorrência non competitiva polo sistema de rateo.

No artigo 7 da devandita resolución establécese un prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia, para a presentación de solicitudes, prazo que remata o vindeiro día 20 de marzo.

As especiais circunstancias concorrentes actualmente en Cuba polo colapso do 100% do seu sistema eléctrico e o racionamento da gasolina que permitiría usar xeradores eléctricos está imposibilitando ás entidades galegas radicadas na illa a presentación das súas solicitudes dende hai días.

O artigo 6.3 da Resolución do 2 de febreiro de 2026 prevía, con carácter excepcional, a presentación de solicitudes a través da Federación de Sociedades Gallegas de Cuba na Habana, mais a federación atópase afectada polas mesmas circunstancias que o resto de entidades, o que impide a utilización desta vía.

Xa que logo, tendo en conta que concorren razóns de forza maior, resulta necesario ampliar o prazo de presentación de solicitudes para as entidades galegas con sede en Cuba e, paralelamente, por se esta situación persistise no tempo, habilitar para elas de modo excepcional a presentación de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, o cal non prexudica a dereitos de terceiras persoas.

Con carácter xeral, o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), prevé a posibilidade de que a administración poida conceder unha ampliación dos prazos establecidos se



as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudica a dereitos de terceiras persoas, por un período que non exceda a metade dos ditos prazos. Os acordos sobre ampliación non serán susceptibles de recurso.

Por todo o cal, de conformidade co disposto no artigo 32.2 da LPACAP e o resto da normativa aplicable,

RESOLVO:

Artigo un. *Ampliación do prazo de presentación de solicitudes*

Ampliar, para as entidades galegas con sede en Cuba, o prazo de presentación de solicitudes previsto no artigo 7 da Resolución do 2 de febreiro de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos ás entidades galegas no exterior e se procede a súa convocatoria para o ano 2026, ata o 4 de abril de 2026, inclusive.

Artigo dous. *Habilitación da presentación das solicitudes de xeito presencial*

Habilitar, de modo excepcional e por razóns de forza maior, para as entidades galegas con sede en Cuba, a presentación presencial de solicitudes ao abeiro da Resolución do 2 de febreiro de 2026 da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos ás entidades galegas no exterior e se procede a súa convocatoria para o ano 2026. Estas solicitudes poderán ser presentadas en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

